

Disposición transitoria cuarta. *Declaración das actividades económicas desenvolvidas de acordo coa codificación prevista na CNAE-2009.*

Ata o 1 de xaneiro de 2009, data de aplicación da CNAE-2009, a remisión á codificación prevista no Real decreto 475/2007, do 13 de abril, polo que se aproba a Clasificación Nacional de Actividades Económicas 2009 (CNAE-2009) contida no punto 10.º do artigo 5.b) deste regulamento, entenderase realizada á codificación prevista para efectos do imposto sobre actividades económicas.

Disposición derradeira única. *Habilitación normativa.*

Autorízase o ministro de Economía e Facenda para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento e execución deste regulamento.

## MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

**15985** *REAL DECRETO 1069/2007, do 27 de xullo, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas e a oposición a elas. («BOE» 213, do 5-9-2007.)*

O Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, derogou o Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo de 1992, relativo á protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

Esta regulación non afecta os viños e bebidas espirituosas.

O Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, e a oposición a elas, desenvolve no dereito interno o Regulamento agora derogado no que se refire á tramitación das solicitudes de inscrición e de modificación do prego de condicións das xa inscritas, ante a Comisión Europea e establece un procedemento interno de oposición con carácter previo á súa remisión á Comisión. Isto último é particularmente importante, xa que as oposicións procedentes do mesmo Estado membro non poden ser examinadas mediante o procedemento de oposición no ámbito comunitario. O dito procedemento comunitario refírese a oposicións a unha solicitude presentada por un Estado membro e transmitida por outro Estado membro ou un país terceiro ou formuladas por calquera persoa física ou xurídica que desempeñe un interese lexítimo e que estea establecida ou resida nun Estado membro distinto do que solicitase o rexistro ou nun país terceiro.

O procedemento de oposición interno establécese nos artigos 5 a 9 do Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro. Como motivos de oposición, concretamente no artigo 6, especificanse exactamente os mesmos que se establecían no artigo 7.4 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo, para o procedemento de oposición comunitario.

Agora ben, no Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, e concretamente no seu artigo

5.5, parágrafos primeiro e segundo, establécese a obriga expresa dos Estados membros de dispor dun procedemento nacional de oposición, no cal a admisibilidade das oposicións se debe examinar de acordo cos criterios recollidos no artigo 7, punto 3, parágrafo primeiro do dito regulamento. Estes novos criterios non son exactamente iguais aos previstos no artigo 7.4 do Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo. Por tanto, tampouco coinciden cos previstos no artigo 6 do Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro.

De aí que sexa necesaria a modificación dos criterios de admisibilidade das declaracións de oposición.

Por outra parte, o artigo 5.5 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, impón outra obriga aos Estados membros, que non estaba prevista no derogado Regulamento (CEE) n.º 2081/92 do Consello, do 14 de xullo. Trátase da adopción dunha decisión favorable cando o Estado membro considere que se cumpren os requisitos do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, e a súa publicación xunto coa versión do prego de condicións en que se basea esa decisión favorable. Isto non está previsto no Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, e por tanto, é necesaria a súa regulación.

Ademais, o Regulamento (CE) n.º 1898/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios, afecta tamén determinados aspectos do procedemento regulado no Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro.

No presente real decreto introdúcese tamén os cambios necesarios para cumprir o compromiso de modificar o Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, nos termos establecidos no Acordo do Consello de Ministros do 10 de marzo de 2006, polo que se acepta o requirimento de incompetencia presentado polo Goberno da Xeneralidade de Cataluña contra o dito real decreto.

Coa finalidade de regular todas estas cuestións e tendo en conta que foi derogado o Regulamento comunitario que servía de base ao Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, considérase o máis conveniente, para maior claridade e conseguinte seguranza xurídica, ditar un novo real decreto.

Este real decreto foi sometido, en fase de proxecto, á consulta das comunidades autónomas e entidades representativas do sector.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, coa aprobación previa do ministro de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 27 de xullo de 2007,

### DISPONGO:

Artigo 1. *Obxecto.*

Este real decreto ten por obxecto establecer o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas dos produtos agrícolas e alimenticios, así como das solicitudes de modificación do prego de condicións das xa inscritas no mencionado Rexistro, e do procedemento nacional de oposición ás ditas solicitudes, con carácter previo á remisión destas á Comisión Europea, de acordo co establecido no Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo de 2006, sobre a protección das indicacións xeográficas e das denominacións de orixe dos produtos agrícolas e alimenticios.

## Artigo 2. *Ámbito de aplicación.*

Este real decreto será de aplicación ás denominacións de orixe protexidas e ás indicacións xeográficas protexidas a que se refire o artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo.

## Artigo 3. *Solicitantes.*

1. Os produtores ou transformadores dun produto agrícola ou alimenticio ou as súas agrupacións e, se é o caso, unha única persoa física ou xurídica, de acordo co establecido no artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 1898/2006 da Comisión, do 14 de decembro de 2006, que establece as disposicións de aplicación do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, deberán presentar a solicitude de inscrición da denominación ou indicación no Rexistro comunitario de denominacións de orixe protexidas e de indicacións xeográficas protexidas, así como das solicitudes de modificación do prego de condicións, ante o órgano competente da comunidade autónoma ou, cando o ámbito territorial da denominación ou indicación exceda unha soa comunidade autónoma, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sen prexuízo de poder presentalo nos lugares a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. Os solicitantes deberán acreditar vinculación profesional, económica e territorial cos produtos para os cales se solicita a inscrición, pola súa condición de produtores ou transformadores que exercen a actividade na área xeográfica relacionada coa denominación ou indicación.

## Artigo 4. *Documentación anexa á solicitude.*

Cando o ámbito territorial das denominacións de orixe ou indicacións xeográficas se estenda a máis dunha comunidade autónoma, a solicitude acompañarase da seguinte documentación:

a) Un estudo xustificativo da solicitude de rexistro, que conterá, cando menos, os seguintes datos:

### 1.º Respecto do nome:

Acreditación do uso e notoriedade do nome xeográfico na comercialización do produto.

Xustificación de que o nome xeográfico é suficientemente preciso e está relacionado coa zona xeográfica delimitada.

Certificación do Rexistro Mercantil Central, da Oficina Española de Patentes e Marcas e da Oficina de Harmonización do Mercado Interior sobre a existencia ou non de marcas rexistradas ou de razóns sociais relacionadas co nome da denominación de orixe ou a indicación xeográfica.

### 2.º Respecto da zona xeográfica e o produto:

Descrición da zona xeográfica tradicional de produción e elaboración do produto que se pretende amparar, con especial incidencia nos factores naturais e humanos.

Indicación das variedades, especies ou razas e das técnicas de cultivo ou cría tradicionais.

Características, condicións e métodos de produción ou transformación dos produtos.

Descrición dos produtos, expresando as características fisicoquímicas e organolépticas que establezan unha diferenciación cualitativa en relación cos da súa mesma natureza.

Modos de presentación e comercialización, así como principais mercados e outros elementos ou datos socioeconómicos que xustifiquen a notoriedade dos produtos.

### 3.º Respecto do vínculo:

Información de como as características da zona xeográfica delimitada afectan o produto final. No caso das denominacións de orixe, explicarase a interacción causal entre as características específicas da zona xeográfica e a calidade ou características específicas do produto debidas ao medio xeográfico, así como os seus factores naturais e humanos. No caso das indicacións xeográficas xustificarase a interacción causal entre as características da zona xeográfica e unha calidade determinada, a reputación e outra característica do produto que se poida atribuír á dita orixe xeográfica.

b) Un prego de condicións, que conterá os elementos especificados no artigo 4 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo.

c) O proxecto do regulamento da denominación ou indicación.

## Artigo 5. *Comprobación das solicitudes.*

1. As comunidades autónomas, unha vez realizadas as comprobacións previstas no artigo 5.4 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, remitirán, se é o caso, as solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a súa tramitación.

2. As comunidades autónomas, unha vez realizadas as comprobacións previstas no artigo 9 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, remitirán as solicitudes de modificación do prego de condicións das denominacións ou indicacións xa inscritas no Rexistro comunitario, se é o caso, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, para a súa tramitación.

3. Cando o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación advirta a falta ou insuficiencia dalgún documento ou dato na solicitude, comunicarllo ao órgano competente da comunidade autónoma en cumprimento do deber de colaboración entre administracións públicas.

4. Correspóndelle ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, en coordinación coas comunidades autónomas afectadas, realizar as comprobacións previstas nos artigos 5.4 e 9 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, das solicitudes de inscrición ou de modificación do prego de condicións das denominacións ou indicacións cuxo ámbito territorial abrangue o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

## Artigo 6. *Publicidade e prazo para a iniciación da oposición.*

1. Unha vez comprobada a solicitude de inscrición no Rexistro comunitario ou por solicitude de modificación do prego de condicións, o órgano competente da comunidade autónoma ou o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, se é o caso, publicará no «Boletín Oficial del Estado» un anuncio da solicitude correspondente que inclúa o Documento único previsto no artigo 11 do Regulamento (CE) n.º 1898/2006 da Comisión, do 14 de decembro.

2. No prazo de dous meses a partir da data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» das solicitudes mencionadas no punto anterior, calquera persoa física ou xurídica que estea establecida ou resida legalmente en

España, cuxos lexítimos dereitos ou intereses considere afectados, poderase opor ao rexistro pretendido, mediante a correspondente declaración de oposición, dirixida ao órgano competente da comunidade autónoma ou, cando o ámbito territorial da denominación ou indicación abranga o territorio de máis dunha comunidade autónoma, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

#### Artigo 7. *Causas de oposición.*

Logo de comprobación do dereito ou interese lexítimo aducido, sen cuxo concurso o procedemento se dará por finalizado, a declaración de oposición soamente será estimada se:

a) Demostra o incumprimento das condicións que deben reunir as denominacións de orixe e as indicacións xeográficas para ser consideradas como tales, de acordo co artigo 2 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo.

b) Demostra que o rexistro do nome proposto podería inducir a erro ao consumidor por entrar en conflito co nome dunha variedade vexetal ou dunha raza animal, existir unha denominación total ou parcialmente homónima ou afectar a reputación dunha marca, de acordo co artigo 3, puntos 2, 3 e 4, do citado regulamento.

c) Demostra que o rexistro do nome poñería en perigo a existencia dunha denominación total ou parcialmente homónima ou dunha marca rexistrada ou a existencia de produtos que se estivesen comercializando legalmente durante cando menos os cinco anos anteriores á data de publicación no «Boletín Oficial del Estado» da solicitude de inscrición e do documento único.

d) Demostra que o nome cuxo rexistro se solicita ten carácter xenérico por ter pasado a ser o nome común dun produto agrario ou alimenticio, segundo o disposto no artigo 3.1 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo.

#### Artigo 8. *Petición de informes.*

A Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cando o ámbito territorial da denominación ou indicación abranga o territorio de máis dunha comunidade autónoma e, por tanto, sexa competente para coñecer do procedemento de oposición, solicitaralles informe ás comunidades autónomas afectadas, que o poderán remitir no prazo de quince días hábiles contados desde a recepción da petición deste.

#### Artigo 9. *Resolución do procedemento de oposición.*

1. A resolución será adoptada polo órgano competente da comunidade autónoma, que a comunicará ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación para efectos do establecido no artigo 11.

2. Cando o ámbito territorial da denominación ou indicación abranga o territorio de máis dunha comunidade autónoma, a resolución corresponderalle á Dirección Xeral de Industria Agroalimentaria e Alimentación do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

3. A resolución adoptada será motivada en todo caso e notificada ao solicitante da inscrición e a cantos se opuxesen a ela.

4. A resolución favorable ao rexistro da denominación ou indicación, xunto co prego de condicións, publicárase no diario oficial correspondente.

#### Artigo 10. *Prazo máximo de duración do procedemento de oposición.*

O prazo máximo para tramitar e resolver o procedemento de oposición e notificar a resolución será de seis meses contados desde a finalización do prazo de presentación da declaración de oposición, cando o ámbito da denominación ou indicación abranga o territorio de máis dunha comunidade autónoma.

#### Artigo 11. *Presentación das solicitudes á Comisión Europea.*

1. Unha vez realizadas as comprobacións previstas no artigo 5, resolto, se é o caso, o procedemento de oposición, e publicada a decisión favorable e o prego de condicións polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ou polo órgano competente da comunidade autónoma, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación transmitirá a solicitude de inscrición ou de modificación do prego de condicións á Comisión Europea a través da vía correspondente.

2. A realización da dita transmisión será comunicada inmediatamente á comunidade ou comunidades autónomas correspondentes.

#### Artigo 12. *Protección nacional transitoria.*

1. Unha vez transmitida a solicitude de rexistro á Comisión Europea, poderase conceder, por petición da autoridade competente da comunidade autónoma, a protección nacional transitoria á denominación ou indicación, prevista no artigo 5.6 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo. Para tal efecto, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, procederá á publicación do prego de condicións no Boletín Oficial del Estado.

2. Unha vez transmitida a solicitude de rexistro á Comisión Europea, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá conceder a protección nacional transitoria prevista no artigo 5.6 do Regulamento (CE) n.º 510/2006 do Consello, do 20 de marzo, á denominación ou indicación, cuxo ámbito territorial se estenda a máis dunha comunidade autónoma.

#### Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogado o Real decreto 1414/2005, do 25 de novembro, polo que se regula o procedemento para a tramitación das solicitudes de inscrición no Rexistro comunitario das denominacións de orixe protexidas e das indicacións xeográficas protexidas, e a oposición a elas.

#### Disposición derradeira primeira. *Facultade de desenvolvemento e aplicación.*

Facúltase o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación para ditar, no ámbito da súa competencia, as disposicións que sexan precisas para o desenvolvemento e cumprimento deste real decreto.

#### Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Palma de Mallorca o 27 de xullo de 2007.

JUAN CARLOS R.

A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación,

ELENA ESPINOSA MANGANA